


III. OS TRABALLOS E OS DÍAS

Polo traballo é que os homes enriquecen em gados e bens.
E aqueles que traballaran son moito máis caros aos imortais.
Traballo non é vileza, vileza é non traballar.
Se traballas, en breve o indolente envexa atúa prosperidade.
De riqueza é compañeira o mérito e a gloria.
Na situación que te puxesen os deuses, o mellor é traballar.
Coida da túa vida, desviando o teu ánimo insensato
das alleas riquezas para o traballo, como eu te exorto.
Unha vergoña pouco recomendábel acompaña o indigente.
A vergonha está xunto á desgraza; a confianza, á felicidade.

HESÍODO, *Trabalhos e Dias*, 308-319



▣ OS TRABALLOS

A vida de gregos e romanos tiña un ritmo distinto ao noso. O ciclo das estacións marcaba os momentos decisivos da colleita e a navegación. Traballábase de sol a sol pois a inmensa maioría vivía do campo, só uns poucos podían vivir das rendas que os seus campos lles producían.

Os cultivos principais eran os cereais, as oliveiras e as viñas (tríada mediterránea). Criaban cabras, ovellas, porcos, e gando vacún e cabalos nas rexións máis fértiles e chairas. A pesca e a apicultura completaban os recursos de moitas familias.

Non existía a industria tal como a entendemos hoxe, senón pequenos obradoiros de alfareiros, ferreiros e carpinteiros. As obras públicas eran unha ocasión de emprego para moitos. As roupas tecíanse na casa por conta das mulleres.

O comercio constituía unha actividade moi importante. Produtos como o aceite e o viño circulaban por todo o Mediterráneo, exportábanse cerámicas ou obxectos de luxo moi apreciados polos poderosos dos países bárbaros. Naceu despois a banca, centrada máis no préstamo de cartos que no depósito dos mesmos. Nas grandes cidades como Atenas, Roma ou Alexandría había unha morea de oficios diversos para satisfacer as necesidades da poboación urbana.

A dieta habitual baseábase nos cereais (tortas e papas), legumes, peixe e verduras, que se consumían cocidas ou crúas con mollo de aceite, vinagre ou *garum*, fabricado a partir de peixe fermentado e moi apreciado polos romanos. Figos, queixo e olivas servían de compango. A carne só se consumía nas grandes ocasións nas que se sacrificaban animais a conta do erario público.

En Roma, os máis ricos consumían manxares exóticos e estrafalarios, en ceas que se prolongaban toda a noite e nas que se podían servir vinte ou trinta pratos. Por contra, a maioría da poboación urbana dependía para se alimentar da repartición gratuíta de trigo e pan que realizaba o Estado.

▣ O CÓMPUTO DO TEMPO

En Grecia existían rexistros dos maxistrados dalgunhas cidades ou dos sacerdotes dalgúns santuarios importantes. Os documentos datábanse así: *No ano en que era maxistrado...*, ou *Cando era sacerdote...*. Máis tarde, adoptaron o sistema de datar por Olimpíadas, que se celebraban cada catro anos, comezando pola primeira no ano 776 a.C, e dicían: *Na décimo oitava Olimpiada...*

En Roma, Xulio César instituíu no ano 46 a.C. un ano de 365 días, aos que se engadía cada catro anos un día suplementario no mes de febreiro. Este calendario, coñecido como xuliano, foi modificado no século XVI polo Papa (calendario gregoriano) e é o que hoxe utilizamos. Os días non eran iguais, dividíanse en **fastos** e **nefastos**, segundo fosen propicios ou non para o desenvolvemento das actividades humanas. Había tamén días festivos (**festi**). Os meses estaban dedicados aos deuses ou seguían unha secuencia numérica: *Ianuarius*, *Februarius*, *Martius*, *Aprilis*, *Maius*, *Iunius*, *Iulius* (antigamente *Quintilis*), *Augustus* (antigamente *Sextilis*), *September*, *October*, *November*, *December*. Os días da semana tamén estaban dedicados ás divindades: *Lunae (dies)*, *Martis*, *Mercurii*, *Iovis*, *Veneris*, *Saturni* (despois *Sabbatum*) e *Solis dies* (despois, *Dominicus dies*).

▣ TEMPO DE OCIO

En Grecia, o ocio e a diversión estaban ligados á existencia de numerosos festivais relixiosos ao longo do ano. Neses días a xente ía aos diferentes santuarios para honrar aos deuses e participar dos sacrificios, que tiñan unha función alimenticia importante, pois os asistentes comían asada a carne das vítimas, e ademais asistía aos espectáculos e celebracións que alí había: concursos atléticos, de teatro, poesía, procesións e desfiles.

No santuario de Zeus en Olimpia, celebrábanse cada catro anos as Olimpíadas, unhas festas panhelénicas durante as que se paraban ata as guerras. Mais non eran as únicas: en Atenas celebrábanse as Panateneas, en Nemea os Xogos Nemeos, en Corinto os Xogos Ístmicos e en Delfos os Xogos Píticos. O premio para os campións era unha simple coroa vexetal, porque o que os gregos procuraban ao competir entre si era expresar o seu afán competitivo e demostrar que eran os mellores.

En Roma os espectáculos celebrábanse por todas as cidades do Imperio. Para iso construíron edificios como os anfiteatros, teatros e circos. Ao principio, estes espectáculos tiveron unha función relixiosa, máis tarde serviron de propaganda política e para entreter a unha poboación urbana desocupada e cada vez máis numerosa, que, de estar ociosa, podía supoñer un problema para a estabilidade política. Este tipo de espectáculos e o reparto de pan gratuíto definiu a política romana e foi coñecida coma *panem et circenses*.

Os espectáculos máis apreciados polos romanos celebrábanse no anfiteatro (a moderna praza de touros) e no circo (un circuíto rectangular). No primeiro celebrábanse

combates de gladiadores e *venationes*; no segundo carreiras de carros e cabalos. En ocasións especiais celebrábanse simulacións de combates navais (*naumaquias*) en locais expresamente preparados para acoller ese tipo de espectáculos.

❑ HOME RICO, HOME POBRE

As diferenzas nas condicións de vida entre ricos e pobres eran, coma hoxe, enormes. Con todo, o número de privilexiados era menor que nos nosos días e a maioría da poboación subsistía con moitas dificultades e estaba exposta á fame por malas colleitas, ás epidemias e á guerra.

As cousas que fan máis feliz a vida, gratísimo Marcial, son estas: unha facenda non conseguida con esforzo, senón herdada; un campo non desagradecido, un lume permanentemente aceso; un preito nunca, a toga en poucas ocasións, o espírito tranquilo; unhas forzas de home libre, un corpo san; unha sinxeleza prudente, amigos de igual condición; convites fáciles, unha mesa sen aparato; unha noite non ebria, senón libre de coidados; un leito non triste e con todo, casto; un soño que faga breves as tebras; querer ser o que es e non preferir outra cousa; non temer o último día, nin desexalo.

MARCIAL, X, 47

Cada un afánase dun modo distinto: un, desexoso de levar á súa casa unha ganancia, percorre en naves o mar cheo de peixes, empuxado por ventos procelosos e sen coidarse para nada da súa vida; outros -as xentes cuxo medio de vida son os curvos arados- traballa todo un ano a xornal, arando a terra ben arborizada; outro, coñecedor das artes de Atenea e do industrioso Hefesto, gaña a vida coas súas mans; outro, ao que as Musas Olímpicas instruíron nos seus dons, faíno coa súa ciencia perfecta da adorable poesía; a outro, ao que os deuses acompañan, fíxolle adiviño o rei frechador, Apolo, e ve a desgraza que de lonxe se abate sobre un home; [...] outros, os médicos, exercen a arte de Peón, rico en remedios curativos

SOLÓN Frag. 1 45-62.